

## CONTRO CLIMÁTICO - ENERGIAS

ALFREDO SUÁREZ CANAL  
conseilleiro de medio rural

# "Non descartamos producir cereal para biodiésel pero en Galicia será difícil que sexa rendible"

■ Articular as infraestructuras básicas para o desenrollo do rural e as condicións que faciliten novos proxectos son os obxectivos dos investimentos que prevé a Consellería do Medio Rural, segundo o seu titular, Alfredo Suárez Canal. Entre

os moitos temas que aborda nesta entrevista, o do biodiésel é dos máis importantes, e a súa produción en Galicia non debe descartarse, aínda que en Galicia será difícil que sexa rendible.

santiago  
MARÍA JOSÉ MIRAGAYA

—¿Que balance fai da xestión nos dous anos que leva ao fronte da Consellería?

—O balance é razonablemente satisfactorio. Os cambios que hai que facer teñen moito que ver con estrutura produtiva, normativas, ordenación en xeral do medio rural, da superficie e do monte. Eso require o seu tempo. A todos nos gustaría que fosse máis rápido. Pero creo que se están sentando as bases de cambios estruturais importantes.

—Unha das principais medidas para a modernización é o Banco de Terras. ¿Cando se porá en marcha?

—Esta mesma semana aprobaron os chanzos normativos que faltaban para que empece a funcionar en novembro: articular a política de prezos orientativos para as transacciones e fixar as cinco primeiras zonas xa decretadas como de especial interese agrario, entre elas A Limia. En novembro, calquera propietario vai poder incluir a finca no banco de terras.


—¿Conseguirá superar as reticencias dos propietarios?

—Nós estamos sorprendidos, porque nas charlas que estamos facendo para difundilo, veñen moitos a dicir "esto é o que necesitábamos". Porque garante que van percibir unha renda, que a terra vai estar cuidada e que non van ter problemas para recuperar a finca. Lonxe de provocar recelos, a xente pode incluila nun banco que lle vai dar totalas garantías.

—¿Hai medidas suficientes para evitar unha nova vaga como a do ano pasado?

—As bases están sentadas porque actuamos no terreno da preventión, da mellora do dispositivo, na persecución ós delincuentes ou negligentes, e ademais fixose unha labor de vixianza moi importante. Tamén para ir substituindo o abandono do monte por unha valorización do mesmo. Pero o que vemos este ano noutras zonas do planeta pon de manifesto que o problema é moi importante. Requiere un esforzo continuado no tempo para que nun período de dez ou de doce anos os incendios intencionados sexan praticamente anecdóticos.

—Na eido xudicial, ¿castígase suficientemente ós que provocan



O conseilleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal.

**"Os cambios que hai que facer teñen moito que ver con estrutura produtiva"**

os incendios?

—O problema non está tanto nas penas, que poden ser moi importantes dependendo dos danos producidos polos lumes,

senón en que sexamos capaces de articular ben as probas para que os delincuentes non poidan escapar. Neso se están

dando grandes pasos, con máis medios técnicos para os corpos de seguridade. Tamén maior colaboración cidadá, que resulta fundamental para determinar a implicación dun delincuente.

—¿Que resultado está dando os contratos homologados no sector vitícola?

Cando chegamos á Consellería, unha das nosas preocupacións foi dar un certo marco de estabilidade ás relacións entre os produtores e os transformadores. É unha necesidade, porque así podémonos adicar ó realmente importante, que é a promoción e a comercialización. Eso se está conseguindo, pero sempre cunha perspectiva clara: que o futuro do viñedo ten que orientarse á calidad. As catro denominacións de Ourense teñen especificidades diferentes. En Monterrei, estamos traballando para que haxa

unha maior capacidade de transformación. No Ribeiro queremos impulsar un plan de reestruturação, igual que en Valdeorras, que dea un impulso moi notable á calidade, para que unha parte moi importante da producción sexa de castas autóctonas. Sería facerlle un flaco favor ós produtores se non imos nesi límite polo que poñéremos en marcha un potente plan de actuación. Na Ribeira Sacra estamos traballando para modernizar as infraestruturas e facilitar máis o traballo nesas fincas.

—O sector forestal, non aproveita todo o seu potencial. ¿Como se pode mellorar?

—Neste eido, os resultados non se ven da noite para a mañá. É importante que o sector teña instrumentos normativos para

**"En incendios, as bases están sentadas porque actuamos no terreo da preventión"**

facetar xestións económicas e ambientalmente sustentables, en superficies grandes. Por iso xa creamos as "únidades de xestión forestal", que van permitir proxectos de xestión forestal con perspectiva de medio e longo plazo, sin que algúns absentista poida inviabilizalo. Xa impulsamos na provincia diversos proxectos que compaxinan aproveitamento gandeiro e

forestal, onde antes existían terras abandonadas. Ademais, unha serie de ordes promoverán que haxa madeira de máis especies nos montes do país. E o vindeiro ano habrá unha Lei de Montes que desfará a política forestal de Galicia nos próximos 40 ou 50 anos.

—Os produtores están preocupados polo prezo dos cereais. ¿Pretcharán explotacións?

A nosa perspectiva é traballar para que cada vez menos as explotacións dependan de materias primas externas e que poidan abastecerse dunha parte importante de alimentos para o seu gando. Os sectores más preocupantes son os de porcino e o cíncula. Estamos dispostos a contemplar medidas de actuación que mitiguen o impacto,

pero depende de mecanismos que nos permitan actuar.

—Vaise producir cereal en Galicia para biocombustible?

A nosa vocación é aproveitar a superficie agraria para producir alimento para o gando. Non descartamos algúna explotación destas características, pero a condición de hectáreas precisas para que sexa rendible dificulta que en Galicia se poidan ter estas explotacións.

**A relación cos socialistas, "razonablemente satisfactoria"**

—¿Como é a relación cos seus socios de Goberno na Xunta?

—Creo que razonablemente satisfactoria. É un Goberno de coalición despois de 16 anos de mayoría absoluta, con dúas forzas políticas que tienen programas e perspectivas ideológicas diferentes, que foron capaces de por os intereses dos cidadáns por diante e acordar un programa de Goberno. Moitas das cousas que están nese programa se están facendo ou se están sentando as bases para que a final da legislatura estear razonablemente desenvoltas. Como calquera pode entender, nun Goberno de coalición sempre pode haber distintas perspectivas para enfocar algúns temas, pero eso non entorpece nada se se preserva que na actuación cara ós cidadáns prima o interese común. Os que creían que era difícil, estarnos mostrando que somos capaces de responder ó programa pactado.

—O momento más complicado para vostede no Goberno foi durante os incendios do ano pasado, cando incluso se falara de que podería deixar o posto.

—Todos os que estamos nun cargo público debemos ter claro que estamos interinamente. Xa dixen entón que analizaba o que acontecía e que era normal que se contemplaran tódalas hipóteses, pero que chegara a conclusión de que non tomámos ningunha decisión que significara un agravamiento das consecuencias daquela vaga de lumes. Co paso do tempo, e co que está ocorrendo no resto do planeta, vese mellor o que aconteceu. Entón dixen que a maior contribución era aproveitar esa experiencia para tentar sentar as bases de cara a facer os céberas a medio prazo en materia de incendios. Creo que foi unha decisión acertada, porque aprendimos, e hoxe hai unha serie de iniciativas postas en marcha que terán que desenvolverse no futuro.

—¿Está o BNG aproveitando este cambio?

—O que si podemos dicir: é que está perdendo o PP. Nestas eleccións, aínda que sempre hai a tendencia a dicir que nos foi ben, aumentamos o número de alcaldías, gobernamos en moitos máis concellos e o mesmo lle pasa o PSOE. Quen perdeu cota foi o PP.